

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASEMBLEA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A COLABORACIÓN EN MATERIA DE SALVAMENTO MARÍTIMO E LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Lino Sexto Bermúdez, subdirector xeral de Gardacostas de Galicia da Consellería do Mar,

DECLARA:

Que esta Consellería do Mar formalizou coa Asemblea da Comunidade Autónoma de Galicia na Coruña da Cruz Vermella Española o instrumento convencional arriba referido con data 19 de xullo de 2021 para cubrir as actuacións realizadas ao longo do ano 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asemblea da Comunidade Autónoma de Galicia da Cruz Vermella Española para a colaboración en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación, en coordinación cos medios propios da Consellería do Mar.

As accións específicas a realizar derivadas do obxecto deste convenio son principalmente as actuacións en tarefas de salvamento marítimo e de loita contra a contaminación mariña de forma coordinada cos medios da Consellería do Mar, poñendo os medios operativos da institución a disposición alí onde sexan necesarios.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería do Mar, en función das atribucións conferidas á Xunta de Galicia no artigo 29.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia e no Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica desta consellería, ten competencia, entre outras, en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña, para o que dispón de medios persoais e centros públicos debidamente equipados pero que, en ocasións, resultan insuficientes para actuar en caso de accidentes, sinistros ou emerxencias de calquera tipo que se producen no ámbito marítimo.



Por outra banda, a Cruz Vermella Española é, de acordo co Real Decreto 415/1996, de 1 de marzo, polo que se establecen as súas normas de ordenación, unha institución humanitaria de interese público configurada como auxiliar colaboradora das Administracións Públicas en accións humanitarias e sociais, desenvolvéndose a súa actuación nos distintos ámbitos do Estado baixo a súa tutela. A devandita institución conta ao longo das costas galegas con estacións e postos de salvamento en diversos portos da Comunidade Autónoma de Galicia, e é a única entidade capacitada para levar a cabo as accións obxecto deste convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado por:

Lino Sexto Bermúdez

Subdirector xeral de Gardacostas e Galicia

